



## Tertulias Literarias

### PROGRAMACIÓN GRUPO A xaneiro – marzo 2017

**18 de xaneiro:** entregamos...



#### Izan o da saca, de Xabier Quiroga

O Fiscal Superior de Xustiza recibe do seu editor un paquete que contén, ademais dun cartafol con noticias de varias mortes sen relación aparente, unha novela. Nela, un taxista con ínfulas investigadoras e lector empedernido acepta o delicado encargo dun coñecido político e empresario galego: desentrañar un suposto pasado nazi co que os seus inimigos poden relacionalo.

*Comentario: 1 de febreiro*

**1 de febreiro:** entregamos...



#### Nos vemos allá arriba, de Pierre Lemaitre

En novembro de 1918, uns días antes do armisticio, o tenente d'Aulnay-Pradelle ordena unha absurda ofensiva que culminará cos soldados Albert Maillard e Édouard Péricourt gravemente feridos, nun confuso e dramático incidente que ligará os seus destinos inexorablemente. Á súa volta a París, os tres excombatientes rebelaranse contra unha realidade que os condena á miseria e ao esquecemento. Novela galardoada co Premio Goncourt.

*Comentario: 15 de febreiro*

**15 de febreiro** entregamos...



#### Las reputaciones, de Juan Gabriel Vásquez

Javier Mallarino é o caricaturista político máis influente do país. Os políticos témenlle e o goberno faille homenaxes. Aos seus sesenta e cinco anos, pode dicir que ten o país aos seus pés. Pero todo iso cambiará cando reciba a visita inesperada dunha muller. Tras remontarse con ela ao recordo dunha noite xa remota. Mallarino verase obrigado a reevaluar toda a súa vida, a poñer en dúbida a súa posición neste mundo.

*Comentario: 15 de marzo*

**15 de marzo** entregamos...



#### Me llamo Lucy Barton, de Elizabeth Strout

Nunha habitación de hospital en Manhattan, diante do edificio Chrysler, cuxo perfil se recorta alén da xanela, dúas mulleres falan sen descanso durante cinco días e cinco noites. Sen se veren en moito tempo, o fluxo da súa conversación parece capaz de deter o tempo e silenciar o que non se di. Nesa habitación de hospital, durante cinco días e cinco noites, as dúas mulleres son en realidade algo moi antigo, perigoso e intenso: unha nai e unha filla que lembran o moito que se aman.

*Comentario: 29 de marzo*

**29 de marzo** entregamos...



#### El mapa y el territorio, de Michel Houellebecq

Se o protagonista desta novela, tivese que contarlle a historia, quizá comezase falándolles dunha avaría do quentador. Ou do seu pai, arquitecto coñecido e comprometido, con quen pasou a soas moitas noites do Nadal. Evocaría a Olga, unha rusa moi bonita, á que coñece ao principio da súa carreira na exposición inaugural da súa obra fotográfica. Isto sucede antes de que chegue o éxito mundial coa serie de «oficios», retratos de personalidades captados no exercicio da súa profesión.

*Comentario: 26 de abril*